

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA),
Nº11/2017 DE CARÁCTER ORDINARIO, CELEBRADA O 22 DE DECEMBRO DE 2017.**

Salceda de Caselas, 22 de DECEMBRO de 2017

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

Concelleiros/as

Grupo municipal do Partido Popular

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)

VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)

Grupo municipal de Movemento Salceda

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE)

Secretaria do Concello

Noemi Sirera Diéguez

HORA DE INICIO: 20,07 horas.

HORA DE REMATE: 22,43 horas.

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 20:07 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde D. Marcos David Besada Pérez mediante Decreto Número: 2017-0964 Data: 19/12/2017, reúnen-se en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

A) Parte resolutiva

1. Aprobación da acta da sesión anterior (ordinaria nº 10/2017 de 27 de outubro)
2. Expediente 2910/2017. Creación sede electrónica e rexistro electrónico.
3. Expediente 2732/2017. Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Tasa de servizo de mercado.
4. Expediente 1805/2017. Procedemento Administrativo Común (Intervención). Conta Xeral 2016.
5. Expediente 2882/2017. Procedemento Administrativo Común. (Intervención). Moción modificación Ordenanza Fiscal IBI.

B) Actividade de Control

6. Expediente 2420/2017. Avaliación Plan de Axuste 3º trimestre.
7. Expediente 2394/2017. Morosidade e período medio de pago 3º trimestre 2017.
8. Dación de conta de decretos dende o nº 2017-0773, de 24 de outubro ao 2017-0963 de 19 de decembro.
9. Mocions dos grupos políticos, no seu caso.

C) Rogos e preguntas

INICIO DA SESIÓN

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Boas noites a todos e todas, benvidos unha vez máis a esta vosa casa para o Pleno Ordinario 11/2017, o derradeiro do ano. Excusa a súa ausencia o Concelleiro Miguel que lle xurdiu un inconvinte de última hora e non pode asistir.

1. Aprobación da acta da sesión anterior (ordinaria nº 10/2017 de 27 de outubro).

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Boas noites, na páxina 6 da acta, o inicio da miña intervención, cando se falaban dos datos sobre o ICIO do centro de saúde, tiña mal apuntado o dato do orzamento da obra, tiña que custaba 1.240.000€ e si se me permite, o dato é 1.240.870,47€ e a raíz de aí os datos seguintes tamén quería deixar constancia, onde pon 33.533€ son 34.123,94€ e onde pon 32.417€ son 32.569,27€ e onde pon 1.116 debe aparecer 1.714,17. A raíz de ter mal apuntado eu o dato o resto ía mal.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Pois se non hai nada máis, pasamos a votación.

Non existindo observacións, **sométese a votación a acta da sesión nº 10/2017 de carácter ordinario celebrada o 27 de outubro de 2017, e a mesma é aprobada por UNANIMIDADE DOS DOCE membros presentes na sesión.**

2. Expediente 2910/2017. Creación de sede electrónica e rexistro electrónico.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Pásolle a palabra ao Concelleiro de área, neste caso a Jose Luís para que faga o plantexamento que se propón.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Este segundo punto, como ben sabedes estamos inmersos na implantación da administración electrónica no Concello, Sede Electrónica que seguindo a lei 39/2015 de Procedemento administrativo común para as Administracións Públicas e de obrigada implantación, a través da Sede Electrónica pretende dar maior facilidade ao usuario/ veciño a hora de relacionarse coa administración, de realizar xestións sen ter que desprazarse ao concello e para elo é obrigatorio, segundo a lei, e que o Pleno aprobe o dominio electrónico o cal imos usar.

Plantexase que o dominio sexa salcedadecaselas.sedelectronica.gal para que se unha vez é aprobada a proposta, se proceda ao rexistro dese dominio e poder usarse.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Boas noites, nos estamos a favor, lamentamos o retraso que se leva neste asunto, loxicamente non estamos no goberno e non sabemos o procedemento interno o que si sabemos e que fai uns meses se deu conta a este Pleno da implantación electrónica e case un ano despois non está operativa na súa gran medida, sobre todo na tramitación de expedientes por parte dos cidadáns e os concelleiros.

Simpelemente supoño que será de cousas que te decatás cara o final, no dominio que se pretende aprobar hoxe, unha matización, non sei se procede que o nome sexa salcedadecaselas.sedelectronica.gal cando o les, pronuncias todas as palabras e no dominio se lle saca unha "e". Dou por feito que será para que non vaian dúas vogais xuntas. Cando se lle pode dar a un mal entendido a hora de escribir.

Votaremos a favor, deixar esta cuestión enriba da mesa e comentalo e senón e posible, tal cual está.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Nos ao igual que fixemos na Comisión informativa vai ser votar a favor, canto antes se poña en marcha a sede electrónica mellor para todos. Non teño nada máis que engadir.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS) Algunha intervencións máis? Paso a ler a proposta de alcaldía.

“ PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Creación da Sede Electrónica e Rexistro Electrónico.

Vista a necesidade de crear unha sede electrónica neste Concello co obxecto de permitir o exercicio do dereito que teñen os cidadáns para relacionarse coas Administracións Públicas por medios electrónicos, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Visto que a publicación na sede electrónica de informacións, servizos, e transaccións respetará os principios de accesibilidade e usabilidade de acordo cos estándares abertos e, no seu caso, naqueloutros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.

Á vista do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normas de aplicación,

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

PRIMEIRO: *Establecer a sede electrónica do Concello de Salceda de Caselas, dispoñible no enderezo electrónico: <https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>, cuxa titularidade corresponde a este Concello.*

SEGUNDO: *A sede electrónica suxéitase aos principios de transparencia, publicidade responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.*

TERCEIRO: *A sede electrónica será accesible aos cidadáns todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día. Só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo poderá interromperse, polo tempo imprescindible, a accesibilidade á mesma.*

CUARTO: *A sede electrónica terá o contido marcado na lexislación aplicable, debendo en todo caso garantirse os medios dispoñibles para a formulación de suxestións e queixas.*

QUINTO: *A publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica terá carácter complementario á publicación no taboleiro de anuncios municipal, sen prexuízo de que poida ser substituída pola devandita publicación electrónica nos casos en que así se determine.*

SEXTO: *Establecer o rexistro electrónico, que rexerese no relativo o calendario, horario e cómputo de prazos polo previsto no artigo 31 da Lei 39/2015.*

SÉTIMO: *Habilitar o Alcalde para que adopte as medidas necesarias que permitan o desenvolvemento das previsións do presente acordo e poida modificar os aspectos técnicos que sexan convenientes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral, adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico.*

OITAVO: *Publicar o presente acordo no Boletín Oficial do Estado e no Taboleiro de Anuncios do Concello.”*

Polo sr. Alcalde sométese a votación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobaa por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes a sesión, adoptando os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Establecer a sede electrónica do Concello de Salceda de Caselas, dispoñible no enderezo electrónico: <https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>, cuxa titularidade corresponde a este Concello.

SEGUNDO: A sede electrónica suxéitase aos principios de transparencia, publicidade responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

TERCEIRO: A sede electrónica será accesible aos cidadáns todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día. Só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo poderá interromperse, polo tempo imprescindible, a accesibilidade á mesma.

CUARTO: A sede electrónica terá o contido marcado na lexislación aplicable, debendo en todo caso garantirse os medios dispoñibles para a formulación de suxestións e queixas.

QUINTO: A publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica terá carácter complementario á publicación no taboleiro de anuncios municipal, sen prexuízo de que poida ser substituída pola devandita publicación electrónica nos casos en que así se determine.

SEXTO: Establecer o rexistro electrónico, que rexerese no relativo o calendario, horario e cómputo de prazos polo previsto no artigo 31 da Lei 39/2015.

SÉTIMO: Habilitar o Alcalde para que adopte as medidas necesarias que permitan o desenvolvemento das previsións do presente acordo e poida modificar os aspectos técnicos que sexan convenientes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral, adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico.

OITAVO: Publicar o presente acordo no Boletín Oficial do Estado e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

3. Expediente 2732/2017. Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa de servizo de mercado.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Ten a palabra o Concelleiro de Facenda.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Este punto trata da modificación da taxa do mercado, dicir que esta taxa foi aprobada o 17 de febreiro deste ano e nela advertiuse un erro que hoxe se pretende modificar, quedou atrás unha bancada que non se contemplou, dicir que os postos están xa adxudicados aos seus titulares, que xa se formalizaron os contratos de concesión, que co fin de regularizar a situación da bancada e poder aplicarlle como o resto de usuarios se trae esta modificación.

Se adxunta no expediente un informe técnico de medición do posto, 1,13 metros cadrados ao que segundo estes se lle aplica unha taxa proporcional ao custe do mantemento da praza de abastos, ascende a 56,65€ trimestrais. O que pretende esta modificación e dar cabida a esta bancada que quedou fora.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): Nos analizamos o expediente en principio está todo correcto como dixemos na Comisión. Simplemente que esta ao ser unha bancada máis

pequena que as outras, se ponderamos coas outras, o custe sería de 37€/m² pois neste caso sube a 50€ pero atendendo as variables para calcular este custe estamos de acordo en incluílo e que o propietario da bancada pague o que lle corresponda.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Pola nosa parte, tal e como dixemos na Comisión, estamos a favor desta modificación, hai que solventar o erro existente. O noso voto vai ser a favor.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Sómetese a votación a seguinte proposta:

“ PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA

En relación co expediente relativo a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de mercado, en cumprimento do preceptuado polo artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

*Visto o informe técnico económico con data 14 de decembro de 2017 e o informe de Intervención de data 14 de decembro de 2017,
Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de mercado, co fin de incluír da bancada nº 24 que na propia aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora non foi obxecto de tarificación, figurando, non obstante, no acordo de concesión dos postos, xuntando o proxecto da Ordenanza Fiscal en cuestión. A modificación das tarifas quedan establecidas nas seguintes contías:*

POSTOS	TARIFA TRIMESTRAL
1	37,85
2	43,45
3	119,61
5	58,42
6	58,52
7	58,75
9	38,07
10	78,64
11	36,65
12	57,09
13	56,43
14	56,22
15	115,97
17	42,36
18	37,59
BANCADAS	TARIFA TRIMESTRAL
1	58,48

2	58,48
3	58,25
4	58,29
5	58,13
6	58,13
7	58,37
8	58,48
9	58,40
10	58,48
11	58,37
12	58,33
13	58,37
14	58,33
15	58,40
16	59,07
17	58,21
18	58,21
19	58,68
20	58,75
21	57,90
22	58,17
23	58,37
24	56,65

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo."

Polo sr. Alcalde sométese a votación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobaa por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes a sesión, adoptando os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de mercado, co fin de incluír da bancada nº 24 que na propia aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora non foi obxecto de tarificación, figurando, non obstante, no acordo de concesión dos postos, xuntando o proxecto da Ordenanza Fiscal en cuestión. A modificación das tarifas quedan establecidas nas seguintes contías:

POSTOS	TARIFA TRIMESTRAL
1	37,85
2	43,45
3	119,61
5	58,42
6	58,52
7	58,75
9	38,07
10	78,64
11	36,65
12	57,09
13	56,43
14	56,22
15	115,97
17	42,36
18	37,59

BANCADAS	TARIFA TRIMESTRAL
1	58,48
2	58,48
3	58,25
4	58,29
5	58,13
6	58,13
7	58,37
8	58,48
9	58,40
10	58,48
11	58,37
12	58,33
13	58,37
14	58,33
15	58,40
16	59,07
17	58,21
18	58,21
19	58,68
20	58,75
21	57,90
22	58,17
23	58,37
24	56,65

SEGUNDO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

4. Expediente 1805/2017. Procedemento Administrativo Común (Intervención). Conta Xeral 2016.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Ten a palabra o Concelleiro Jose Luís González.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Traése a Pleno a conta xeral, o resumo financeiro feito durante o exercicio 2016, dicir que esta conta Xeral tróuxose a Comisión informativa o 20 de setembro e foi dictaminada a favor cos votos de Movemento Salceda e PSdeG-PSOE e cos votos en contra do PP. Unha vez aprobada foi exposta no Boletín da Provincia e foi exposta por un período de reclamacións de 15 máis 8 días.

Nese prazo se presenta unha alegación polo PP o cal é informada pola interventora con data 14 de decembro e rexeita a alegación feita, concluíndo que non procede a alegación feita polo PP. Se volve a plantexar na comisión informativa de 19 de decembro de 2017, quedando rexeitada esa alegación e traída ao Pleno cos votos de Movemento Salceda, a abstención do PSdeG-PSOE e o voto en contra de PP.

Con respecto a conta xeral, como di o reflexo dos feitos económicos financeiros. Consta de 6 partes: o balance de situación a 31 de decembro de 2016, o balance composto polo activo e pasivo, esta cadrado en 22.008.900,89€ o activo formado polo activo corrente e o non corrente e o pasivo o Pasivo neto, pasivo non corrente e pasivo corrente. O segundo dos apartados a conta de resultados patrimonial figura nos ingresos de xestión ordinaria e os gastos a 31 de decembro, dicir que ao final do exercicio, a diferenza entre ingresos e gastos, os ingresos foron de 4.888.378€ uns gastos de 3.421.088€ e un aforro, aplicados os axustes de 1.503.748€. O terceiro dos apartados, resultado de cambios no patrimonio neto, dicir que no tocante aos cambios, partíamos dun patrimonio inicial de 18.182.855€, produciuse un incremento de 1.281.497€, quedando a final de ano en 19.464.3652€. O cuarto dos apartados, o estado de fluxos de efectivo, contempla as inversións, o financiamento pendente de clasificación, a variación de efectivo e os activos líquidos. Dicir que ao final do exercicio se obtén dos activos líquidos 1.067.677€. O sexto dos apartados é a memoria, é o apartado máis extenso, consta de 28 puntos, si resumo algúns deles que mencionarei máis adiante nos informes. Os indicadores financeiros de este exercicio, executouse un 88% do previsto no orzamento, que se investiu por habitante per cápita 59.12€ e se gastou por habitante per capita 505,55€. No tocante aos

ingresos, o grado de execución é do 87% e a autonomía fiscal do concello representa un 41% dos ingresos que ten o concello ao ano.

A maiores se aportan como anexos 3 apartados, e a acta de arqueos e certificados do saldo bancario das distintas contas que ten o concello, conta con 8 contas bancarias nas distintas entidades financeiras que hai no municipio. Ao final do exercicio, o certificado das contas ascende a 1.0677.677,56€. Tamén se anexan a esta conta xeral o conxunto de reparos emitidos por intervención no 2016 e os informes a esta conta xeral. Son tres informes, o primeiro deles é sobre a liquidación do orzamento do 2016, fai mención a varios parámetros ou datos financeiros, a liquidación de gastos e ingresos, no tocante aos gastos había uns créditos definitivos 5.132.462€ e se recoñeceron uns gastos de 4.506.429€ como dixen antes cun grado de execución do 87,80%. No tocante aos ingresos había unha previsión de 5.598.275€ e houbo un recoñecemento de 4.889.297€ e como xa dixen un 87,34% de execución. A diferenza destes ingresos liquidados e estes gastos liquidados ascenden a 382.852€. Fai mención este informe ao remanente de tesourería ao final do ano é de 391.858€ unha vez axustado cos saldos de ingresos de dubidoso cobro e o exceso de financiación afectada obtemos un remanente de -52.120€.

Outro parámetro que da interventora é o aforro bruto e o aforro neto, pola diferenza dos dereitos recoñecidos dos capítulos I a V dos ingresos e polas obrigas recoñecidas netas I, II e IV no apartado de gastos, obtense un aforro bruto de 796.795,17€ unha vez aplicados os axustes, o aforro neto ascende a 413.519€.

Tamén se menciona o nivel de débeda do concello, o capital vivo dos prestamos que ten o concello a final de ano, ten 5 que ascenden a 915.929€ que en relación aos ingresos correntes do ano, que ascenden a 4.535.966€ e nos indica un endebedamento local do 20% sobre os ingresos, moi por debaixo do límite que establece a administración (75%). Este é o informe relativo a liquidación do orzamento. O segundo dos informes versa sobre o cumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria, esta implica que os recursos do concello sexan suficientes para facer fronte aos gastos de capital que ten o Concello. En base a iso os ingresos do capítulo I a VII que establece a lei, ascenden a 4.983.120 e os gastos do capítulo I a VII, 3.944.614€ total a capacidade de financiación ascende a 1.038.505€ en porcentaxe equivale a un 20% sobre os ingresos municipais, con isto se conclúe que se cumpre a estabilidade orzamentaria. O terceiro dos informes versa a avaliación do cumprimento da regra de gasto. Dicar que a Lei esixe que as entidades locais, que a variación do gasto non supere o porcentaxe de crecemento do PIB para iso cóllense dous exercicios, 2015 e 2016 e se di que o incremento do gasto non pode ser superior ao PIB que quedou fixado nun 1.8%. En base a iso, dicir que o concello na liquidación do orzamento cumpriu a regra de gasto, estando o límite en 3.718.000 e computándose un gasto de 3.343.000 polo que xa dixen, constatase o cumprimento da regra de gasto establecida na normativa.

Estes son os apartados da conta xeral, a tramitación que se lle da unha vez ditaminado pola comisión informativa, exposta, resolta a alegación presentada polo PP, se trae hoxe a Pleno para a súa aprobación definitiva para poder remitirla ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas de Galicia.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): Como ben dixo o Concelleiro, nos presentamos unha reclamación, que estaba baseada en que detectamos na conta xeral correspondente ao exercicio 2016 a falta dos ingresos na partida 34.901. Prezo público por recadación de actividades socioculturais na recadación dunhas entradas de tres actuacións.

Eran organizadas integramente polo Concello no Auditorio municipal. Esta reclamación formulábase pola ordenanza do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter cultural organizadas polo Concello. En concreto no artigo 4 dependendo do custe e do tipo de público que acudira, fíxase un prezo de taquilla, que neste caso, se tiveron en conta na venta das entradas. Ao tenor do exposto, xeráronse uns ingresos que non constan na contabilidade do concello, máis si constan as facturas dos gastos das actuacións. A maiores, non se ten constancia cara onde foi o destino dese diñeiro recadado. Baseándonos no informe de intervención, onde di que non procede a nosa reclamación, o que ven dicindo leo literalmente “Esta intervención, atendendo as consideracións expostas, informa que NON procede a estimación da reclamación presentada polo Partido Popular, por non constar os ingresos nas entidades bancarias e non constar ningún xustificante que poña de manifesto a súa realización, polo que esta posible recadación do capítulo 3 non é susceptible de ser incorporada ao SICAL- normal, reflexando, en consecuencia, a Conta xeral do orzamento do ano 2016, a imaxe fiel da execución e liquidación do orzamento (art. 209 do TRLRFL e regra 97 da ICAL).”

Ven dicindo este informe que non se pode contabilizar algo que non se ingresou, algo que non se sabe a día de hoxe documentalmente onde foi a parar.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Nós en primeiro lugar, en canto a alegación que presenta o PP, entendemos perfectamente o que di a interventora, tal e como di o compañeiro, algo que non esta reflectido na contabilidade é imposible que despois estea reflectido na conta xeral, se non os técnicos estarían facendo mal o seu traballo. O traballo feito por intervención e tesourería require unha labor extensa que hai que agradecer.

O tema da alegación é normal que non se recolla, pero si que nesa comisión de seguimento ou futuras actuacións hai que saber onde están eses cartos.

En canto a aprobación do documento en si, nos todos os anos vimos dicindo o mesmo, deberían presentarse en prazo, deberían vir a Comisión informativa antes do 1 de xuño, a Pleno antes do 1 de outubro, nunca se cumpren os prazos. Se ben, o PSdeG nunca vai por atrancos para que non se envíen dentro do ano, porque entendemos que se non aprobamos a conta xeral e non se envía, o Concello entraría nunha situación na que podería chegar a perder subvencións e demais. O que si pediríamos, e que se cumpran os prazos.

Datos, xa que o concelleiro de facenda dixo que, executáronse os orzamentos nun porcentaxe máis alto que se executaran no ano anterior. Pero o que temos que ter en conta e que hai un remanente de tesourería negativo de 52.000€, son cousas que non debemos pasar por alto.

O noso voto vai ser a favor polo que dicimos antes, iso non significa que esteamos dacordo, isto é un informe técnico do que se fixo ao longo do ano, é necesario que nos como grupo da oposición ou os cidadáns poidan fiscalizar a acción de goberno.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Votacion da proposta ao Pleno:

“ PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA

Considerando que o obxecto da reunión da Comisión Especial de Contas é proceder ao exame da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2016, en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Tendo en conta que, formada a Conta xeral correspondente ao exercicio 2016 xunto coa documentación anexa á mesma segundo a lexislación vixente, foi sometida a Ditame da Comisión especial de Contas de 28 de setembro de 2017.

Considerando que a mesma foi exposta ao público para a formulación, no seu caso, de alegacións, reparos ou observacións mediante a súa publicación no BOP nº 193 de data 06 de outubro de 2017, formulándose unha reclamación polo Grupo Popular con rexistro de entrada nº 6474 e data 06 de novembro de 2017

E visto o informe de intervención de data 13 de decembro de 2017

PROPOÑO

PRIMEIRO.- *Desestimar a reclamación presentada en relación ao expediente de aprobación da Conta Xeral do ano 2016, polos motivos expresados no informe de Intervención de data 13 de decembro de 2017.*

SEGUNDO.- *Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2016*

TERCEIRO.- *Render a conta xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Consello de Contas, tal e como establece o artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

CUARTO.- *Render a conta xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, tal e como establece o artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.”*

Polo sr. Alcalde sométese a votación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobaa por SETE VOTOS A FAVOR dos Sres/as Concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e CINCO ABSTENCIÓNS dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular, adoptando os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación presentada en relación ao expediente de aprobación da Conta Xeral do ano 2016, polos motivos expresados no informe de Intervención de data 13 de decembro de 2017.

SEGUNDO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2016

TERCEIRO.- Render a conta xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Consello de Contas, tal e como establece o artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO.- Render a conta xeral así aprobada e toda a documentación que a integra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, tal e como establece o artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

**5. Expediente 2882/2017. Procedemento Administrativo Común. (Intervención).
Moción modificación Ordenanza Fiscal IBI.**

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Moción presentada polo PP para instar a modificación do IBI, xa que faltaban antes os informes pertinentes por iso se trae hoxe a este Pleno.

Sobre esa cuestión, reincido no que dixen no mes de agosto, en relación coa modificación que solicita o PP da modificación da Ordenanza N°21 sobre o IBI, a modificación do PP ten como obxecto rebaixar os tipos aplicables e ten unha repercusión directa no orzamento de ingresos, por iso para levala a cabo necesítase tramitar previa ou paralelamente a modificación orzamentaria, agora ben, tanto para modificar o orzamento como para a realización do mesmo, correspóndelle única e exclusivamente ao Presidente da corporación de acordo cos artigos 168.1 e 177.1 do TRLHL, os Concelleiros dos grupos políticos poden formular mocións sobre cuestións que se poidan tratar no Pleno pero existen os supostos concretos no que a iniciativa lle corresponden exclusivamente ao Presidente da corporación é un deles son as modificacións orzamentarias. Así o ven sinalando a xurisprudencia, o TSJ de Asturias no N° 51/2016 do 7 de febreiro do 2016 ou a sentenza do TSJ de Canarias 1/2010 do 8 de xaneiro de 2010.

Por tanto, una moción dun grupo político non importa que número de concelleiros se atopen adscritos ao mesmo, que implique unha modificación orzamentaria xa que lle corresponde única e exclusivamente ao alcalde.

Isto é o que defendín no Pleno de agosto e é o que sigo defendendo agora, dito isto, e unha vez que estamos no mes de decembro dado que se acaba de aprobar a conta xeral do 2016 e tamén a situación económica do Concello, asumindo en parte ou na totalidade compromisos históricos e analizando xa máis polo miúdo as consecuencias e o impacto que tería a proposta do PP, pásolle a palabra ao Concelleiro de Facenda para que expoña como é a situación.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): A moción presentada polo PP ten dúas pretensións, por un lado baixar o tipo impositivo que temos estipulado na ordenanza que temos que é do 0,50% ao 0,40% a aqueles inmobles calificados polo catastro coa clave AAL e cuxo valor catastral sexa inferior a 11.000€. A clave AAL refírese a aquelas construcións que sexan: galpóns, cubertos, churrasqueiros,... Feito o cálculo destas construcións cun valor inferior a 11.000€ obtemos un total de 893 inmobles no padron do IBI de Salceda e feito os cálculos, se non hai un erro, estimamos unha redución de 2.206,79€ no total que suporía reducir esa porcentaxe. Por outro lado, outra das cuestións que se plantexan bonificar na moción do PP e baixar o tipo impositivo para as familias numerosas, do 50% para as familias numerosas de categoría especial e do 40% para as familias numerosas de categoría xeral, cuxas familias teñan unha propiedade cuxo valor catastral inferior a 55.000€. Dicar aquí que o valor é un pouco alto, e digo alto porque o valor medio da vivenda en Salceda está en 26.224€ e o PP indica 50.000€, máis do dobre, este calculo si que, Joaquín deches unha cifra o outro día, non sei de onde a sacache, porque poñedes a maiores a familia non pode ter outra propiedade en ningún outro concello, de España entendo.

Non sei onde cotexache eses datos porque unha, as familias numerosas non corresponde cos empadroados en cada vivenda, hai familias numerosas especiais que o compendio de tipoloxía que pode abarcar é bastante extenso, inflúe que no haxa persoas que teñen invalidez e tes que saber o grao da mesma, se os pais están separados e teñen fillos comúns ou non, a normativa contempla unha serie de supostos de familias numerosas que ese dato é imposible de calcular, moi difícil, estamos un pouco expostos a solicitude, porque xa contemplades que se deba solicitar cada ano o titular de cada vivenda. Estamos un pouco ao albor das solicitudes que se presenten.

Dito isto, esta aplicación ten que ser publicada no Boletín e entraría en vigor no ano 2019, buscaremos a formula, porque si é certo que o informe de intervención sinala que esta medida ten que vir acompañada dun incremento de ingreso ou redución do custe cando menos da mesma contía, estudaremos a formula. Do contrario poderíamos incorrer en incumprimentos dos que lín con anterioridade, non so o digo eu tamén o advirte a interventora e a maiores diso, advirte, que esta merma está afectada polo Plan de axuste que foi aprobada daquela polo BNG e PSdeG-PSOE.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Boas noites, unha contradición, e xa non é a primeira entre o Concelleiro e o Alcalde, o Alcalde di que non vai deixar votar e o Concelleiro xa preve que entre en vigor no 2019, contradición que non é a primeira nin a última. Esta Proposta de modificación do IBI plantexouna este grupo o 18 de agosto de 2017, nesta proposta que se plantexou na moción, ven plantexada en dous bloques, 1 bloque no que se pretendía establecer no tipo diferenciado na contía de 0,40 a todos os inmobles catalogados polo

catastro como AAL cuxo valor catastral sexa inferior a 11.000€, estes inmobles, tal e como os denomina catastro son como os coñecemos todo o mundo como galiñeiros, cobertizos, almacéns para aperos de labranza... todos estes inmobles derivan de 805 altas novas que se deron trala revisión feita no 2015, inmobles que por diversos motivos non estaban tributando anteriormente, se ben xa no Texto refundido de catastro do ano 2004 xa contempla que ese tipo de inmobles tiñan que tributar. Neste tipo de inmobles tiñan que pasar de 0.50 ao mínimo, 0,40 que é o que permite a lei. Plantexamos isto porque son inmobles que loxicamente teñen un escaso valor e moito menos son comparables a vivendas, planteamos un tipo diferenciador xa que non é o mesmo un galiñeiro que unha vivenda.

Despois o outro bloque que plantexamos era a redución por familias numerosas, aquí plantexabamos a creación do artigo 3 onde viría a dicir que os suxeitos pasivos que ostenten a titularidade de familia numerosa gozarán dunha bonificación da conta íntegra da súa residencia habitual e na que estean empadroados, sempre que o seu valor catastral non supere os 55.000€ e que ademais, os membros da unidade de convivencia non consten como titulares doutros inmobles en calquera municipio cuxo valor catastral non supere os 11.000€, como ven non é aplicable a todas as familias numerosas, se non as que non superen estes valores que acabo de dicir, polo tanto, a redución é bastante importante.

Se fai ben o cálculo, xa vexo que algo traballou para este Pleno, pero se fai outra vez o cálculo xa verá como lle da, como nos lle plantexamos, suporá nos ingresos do IBI un 1,8% entre 17.000 e 18.000€ polos dous bloques. Volva a repetir o cálculo e xa verá como lle da. Faga o cálculo e busque a información.

Non sei se o Alcalde ten espírito navideño e recapacita, pero hai que dicir que esta medida, por desgraza a este tipo de xente a que lle sería de aplicación non sería efectiva para o 2018, en todo caso, imos ver se se poñen de acordo o Concelleiro e o Alcalde e sería aplicable para o 2019.

Se nos plantexou a este grupo como escusa para non votar no mes de agosto, que os informes de intervención que eran do 2015, non se podían extrapolar a esta moción, pois ben, collemos o informe actual e o emitido no 2015, di que esta intervención remítese aos informes de intervención 107/15 e 91/15, é dicir, aos informes que nos facíamos mención en agosto, é máis, hai que lembrarlle que cando nos plantexamos a rebaixa e se votou e aprobou co apoio do PSdeG-PSOE ala por Decembro de 2015, se non recordo mal, en media hora se fixo o informe de intervención e con ese informe se votou, e agora imos catro meses e catro días máis tarde.

A maiores para comentar o tema do IBI, vemos que o Alcalde non quere practicar esta medida fiscal e social, non ten outra ocorrencia que solicitar a catastro, que se aplique o valor catastral un coeficiente do 8%, ten que dicir que todas as construcións van incrementar o recibo do IBI nun 8%. Senon, comparen para o ano. Levamos dende o 2011 e tendo en conta o incremento do 8% para o ano, vemos que os recibos do IBI se aumentaron un 37,48%.

Nos ven a dicir o Alcalde que invoca o artigo 168 ¿pero de que orzamentos estamos falando? Porque os de 2018 están sen presentar a este Pleno. ¿De que orzamento falamos? ¿Vai a

prorrogar os de 2017? Evidentemente que o vai facer, elabore uns orzamentos para 2018 e teña en conta esta medida que ten unha repercusión de entorno aos 18.000€. ¿De onde os sacamos? Nos propuxemos dúas partidas no último Pleno, elimine unha dedicación parcial, xa non digo exclusiva, que tamén fai falta, elimine da partida de gastos protocolarios e propaganda que no ano 2016 gastamos 45.000€, ata 18.000€, mire se non ten cartos para gastar.

Bueno, non sei se o Alcalde vai recapacitar ou non pero nos manteremos esta proposta.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Eu non sei moi ben se estou no Pleno que esperaba ou noutro. Esperaba que o Alcalde invocara o artigo 168 e non se puidera nin sequera debater. Igual temos agualdo de Nadal e hoxe incluso nos deixa votar.

Nós ao igual que dixemos en Plenos anteriores, a rebaixa do IBI tal e como plantexa o PP estamos de acordo. En canto ao que dixo o Concelleiro de Facenda en canto ao cálculo das familias numerosas, eu entendo que con unha consulta a Xunta, se poderá saber cantos títulos de familia numerosa outorgou no Concello de Salceda. Non nominativos pero si a cantidade, non o sei, descoñezo. De todos os xeitos para facer ese cálculo ou non, o concelleiro de Facenda debería realizar uns orzamentos novos e meter esa redución de partida e onde se poden axustar as outras. Si se vai votar e se aproba imos ter un ano de moratoria porque non se vai poder aplicar ata 1 de xaneiro de 2019.

A verdade é que non teño datos do que fala o Concelleiro de Facenda, pero se os ten calculados, e lle faltan datos se pode facer unha previsión, todos sabemos que, e como ben di o Concelleiro de Facenda, os orzamentos son previsións e as veces nos trabucamos. E tan sinxelo coma iso, e non ten porque ser impedimento.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Estamos falando de dous temas diferentes, primeiro é a competencia do Pleno que o dixen agora e en agosto, que na modificación orzamentaria é competencia exclusiva do alcalde, contesto agosto e contesto decembro. Unha vez que temos os datos y temos unha planificación e asumimos os custos, e estamos nunha boa situación financeira, se toma en consideración o que plantexa o PP, é certo que o dato de familias numerosas e contradictorio, a Xunta non nos remitiu nin o vai facer o dato e o resto está ao albor do que plantexaban, neste caso ou non. O PP defende que o que se deixa de ingresar son 17.000-18.000€, nós ese dato non o temos nin a interventora nolo proporcionou, non temos os datos das familias numerosas e non sabemos canto podería supor, no tocante aos galpóns ahí máis ou menos coincidimos, en todo caso o impacto sobre os orzamentos do 2019 nos permite poder asumir a moción do PP, pero non é contraproducente coa posición de entrada que xa especifiquei no Pleno de agosto e de agora, que corresponde ao Alcalde a modificación orzamentaria, se o Alcalde asume o plantexamento do PP pois ben.

Unha aclaración, cando se fala dun aumento no que se di que Salceda, xunto con Mos e Porriño son os únicos concellos do sur de Pontevedra que teñen unha ponencia de valores do ano 1989, polo tanto ese 37% que fala o Concelleiro Joaquín e sabeo ben porque foi concelleiro varios anos antes de ser eu Alcalde e en base a un valor catastral do ano 1989, Salvaterra, Vigo, Nigrán, Tui, Tomiño todos os concellos do sur de Pontevedra excepto Mos, Porriño e Salceda

teñen ponencias de valores actualizadas, estamos falando dun aumento, como di Joaquín, do 37% en base a unha ponencia de valores do ano 89, de ahí ven que o valor medio das vivendas de Salceda é de 26.000€, se alguén o cre...esta moi lonxe da realidade como todos sabemos. Polo tanto ese aumento gradual que nos permite o Ministerio de Facenda, e que me corrixan, pero nos obrigou a ese aumento, a subir a 0,60 ou actualizar o valor catastral que hoxe no ano 2017 que o valor catastral de 4.500 vivendas sexa de 26.000€, non sei se o valen pero creo que non. Ninguén vendería a súa vivenda por 26.000€, estamos falando diso.

Repito quedamos nos, Mos e Porriño e o resto do sur ten unha ponencia de valores actualizada.

En resumo, en principio nós valorando a situación económico- financeira a día de hoxe, valorando o impacto desta medida proposta polo PP, en principio, aínda respetando e asumindo a posición de entrada, que lle corresponde ao Alcalde como xa expliquei, estamos dispostos a votar a favor da proposta do PP.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Vamos a ver Alcalde, vostede está sendo inxusto totalmente cos veciños máis desfavorecidos, me está dicindo que asumir 17.000- 18.000€ despois do que se leva despilfarrado... Se vostede pensa que este 20% de familias menos desfavorecidas non é importante, a vostede non lle inflúe pero a estes veciños si, o impacto que supón é mínimo, máis aínda cando temos uns gastos en salarios elevados.

Mire Alcalde, os valores están como están vostede sabe o que ten que facer, vostede aínda ten marxe, pode ir para arriba ou para abaixo, póñase as pilas e faga os deberes. O valor catastral non é igual ao valor de compra/ venda, di vostede 26.000€ iso non quere dicir que sexa o valor que ten esa vivenda a efectos de venda, nos xa non podemos facer moito máis, se vostede cree que non é xusto esa redución vostede dirá.

Ao final como di algún veciño, vostedes tamén son do PP, si da pandereta e da pancarta pero non dos veciños.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Para deixar clara a intervención de Joaquín, o que non lle parece xusto é non aplicalo para o ano 2018. Vaise aceptar agora pero non entrará en vigor ata o ano 2019 porque o Alcalde non tivo a ben aplicalo para o ano 2018. Vostedes impediron que para o ano 2018 houbera esta modificación.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Xusto ou inxusto, podes ter tres fillos ou catro e ser millonario e podes ter un fillo solo e non selo. O xusto dende o punto de vista fiscal relativo, o que esta claro que o tipo medio de valor da vivenda onde se vai aplicar o tipo impositivo é de 26.000€.

Eu son dos que aposto Joaquín, que o valor de catastro sexa o de mercado, evidentemente non se podería pagar un 0,40% habería que baixalo, pagar o mesmo pero non sei porque os tipos que se aplican son irrealis, non coincide o valor de mercado lóxico, pero tampouco é lóxico que o valor que aplique o Ministerio e que nos traslade a nos, sexa de 26.000€, é irreal.

Os acordos que se propoñen:

Iniciar o procedemento de modificación da ordenanza fiscal nº 21 reguladora do imposto sobre bens inmobles tal como se describe a continuación:

A) Modificación/Ampliación do artigo 2. Queda redactado do seguinte xeito:

- 2.1 'Tipo de gravame acordado en base ao establecido no art. 72 do RDL2/2004:
Bens urbanos :0 .50°/o.

Bens rústicos: 0.40°/o.

- 2.2: Establécese como "tipo diferenciado" na contía do 0,40% a todos os inmobles calificados pola Dirección Xeral do Catastro con clave: AAL e cuxo valor catastral sexa inferior a 11.000,00 euros.

B) Creación do artigo 3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual e na que estén empadroados, sempre que o seu valor catastral non supere os 55.000,00 euros e que ademais o membros da unidade de convivencia non consten como titulares de outros inmobles (en calquer municipio) cuxo valor catastral (individualizado por inmovible) non supere os 11.000,00 euros.

A bonificación consistirá nun 40% para as familias numerosas de categoría xeral e do 50% para categoría especial da cota íntegra.

Para a aplicación da bonificación será requisito imprescindible a solicitude do suxeito pasivo, que deberá acreditar:

- O empadroamento na vivenda obxecto de solicitude dos membros da unidade de convivencia (trámite de oficio polo servizo correspondente do Concello).
- A condición e categoría de familia numerosa, por medio do documento oficial acreditativo.

Esta bonificación concederase para cada exercicio debendo solicitala os suxeitos pasivos antes do 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos.

O interesado manifestará o cumprimento das condicións esixidas ou das variacións das circunstancias, xunto coa copia dos xustificantes necesarios. A falta de dita comunicación/solicitude suporá a perda para ese período impositivo do beneficio fiscal.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.

Isto é o que se somete a votación o apartado a) e b).

Polo sr. Alcalde sométese a votación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobaa por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes a sesión, adoptando os seguintes acordos:

Primeiro: Iniciar o procedemento de modificación da ordenanza fiscal nº 21 reguladora do imposto sobre bens inmobles tal como se describe a continuación:

A) Modificación/Ampliación do artigo 2. Queda redactado do seguinte xeito:

- 2.1 'Tipo de gravame acordado en base ao establecido no art. 72 do RDL2/2004:
Bens urbanos :0 .50°/o.

Bens rústicos: 0.40°/o.

- 2.2: Establécese como "tipo diferenciado" na contía do 0,40% a todos os inmobles calificados pola Dirección Xeral do Catastro con clave: AAL e cuxo valor catastral sexa inferior a 11.000,00 euros.

B) Creación do artigo 3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual e na que estén empadroados, sempre que o seu valor catastral non supere os 55.000,00 euros e que ademais o membros da unidade de convivencia non consten como titulares de outros inmobles (en calquer municipio) cuxo valor catastral (individualizado por inmovible) non supere os 11.000,00 euros.

D) Actividade de Control

6. Expte. 2420/2017. Avaliación Plan de Axuste 3º trimestre.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Dentro dos documentos que hai que enviar aos servizos do Ministerio. Dáse conta do Informe de intervención de data 30/10/2017 relativo ao execución do Plan de Axuste do 3º trimestre de 2017.

7. Expediente 2394/2017. Morosidade e periodo medio de pago 3º trimestre 2017.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS.): Dáse conta dos seguintes informes:

- Informe de intervención de data 30/10/2017 do período medio de pago e provedores das Administracións públicas correspondente ao 3º trimestre de 2017.
- Informe de tesourería nº 0070/2017 de data 30/10/2017 de morosidade 3º trimestre 2017.

8. Dación de conta de Decretos dende o nº 2017-0773, de 24 de outubro ao 2017-0963 de 19 de decembro.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS) Son todos os Decretos que asino entre Pleno e Pleno.

9. Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Non houbo ningunha moción presentada por rexistro. Non sei se hai algunha agora que se presente ao Pleno. M^a Dolores Castiñeira tes a palabra.

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): Boas noites a todos e todas esta maña recibimos por rexistro a petición de ACISA no que nos trasladaban unha iniciativa que eu recollín e que trasladei a esta moción que paso a ler.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal de Movemento Salceda desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

“ EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Concello de Vigo existe un proxecto de construción dun macrocomplexo comercial e de lecer no monte comunal Liñeiriños-Cabral, promovido por Eurofund Investments.

A instalación deste macrocentro comercial suporía un duro golpe para o pequeno comercio e de proximidade, coa perda estimada duns 6.000 empregos; un problema que afectará a Vigo pero, especialmente, ao pequeno comercio dos concellos limítrofes, tamén no caso de Salceda de Caselas. Veríase así comprometido o futuro dun dos sectores da nosa economía local que máis postos de traballo xera.

Dende Movemento Salceda coincidimos coa Asociación de Comerciantes e Industriais de Salceda (ACISA) en que este é un problema que atinxe a tódolos Concellos da contorna de Vigo, xa que afectará, en termos xerais, a uns 20.000 negocios. As grandes áreas comerciais arrasan co comercio local e contribúen á perda de postos de traballo, fomentando ademais a precarización do emprego no sector comercial.

Consideramos que existen moitas razóns para desbotar o proxecto de “Porto Cabral”:

- *A ocupación de aproximadamente 600.000 m2 de monte na parroquia viguesa de Cabral vai ter un forte impacto ambiental nun espazo de grande valor social e paisaxístico.*
- *Emprégase a planificación urbanística para favorecer a especulación e a desfeita do territorio, no canto de promover unha ordenación racional e a protección dos usos sociais do monte.*
- *Contribúese á destrución do tecido económico local, levándose ademais a maior parte dos beneficios a fora de Galiza.*

Tendo en conta que a Xunta de Galicia asume competencias na lexislación que regulariza a instalación deste tipo de grandes superficies no noso País, consideramos que debería desenrolar un Plan Sectorial de Equipamentos Comerciais, co obxecto de ordenar a oferta comercial e defender o comercio local e de proximidade.

Por estes motivos, o Grupo Municipal de Movemento Salceda, solicita do Pleno da Corporación de Salceda de Caselas a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galicia a aprobar unha moratoria de dez anos na concesión de licenzas para grandes áreas comerciais.

- Instar á Xunta de Galicia a desenrolar un Plan Sectorial de Equipamentos Comerciais en Galiza, a xeito de ordenar a oferta comercial e a defensa do comercio de proximidade.

Salceda de Caselas, 22 de decembro de 2017"

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Votemos a urxencia desta moción.

Sométese a votación a urxencia da moción e a mesma é apreciada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes na sesión.

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): Como Concelleira de Comercio non podía máis que sumarme a esta iniciativa desta asociación de comerciantes de Salceda, so un apuntamento, sabemos que o tecido comercial da nosa vila depende do éxito que teñan as áreas comerciais da Área Metropolitana e Vigo sobre todo, lía estes días que están previstos para estes anos 5 mega proxectos de ocio, que ou moito me equivoco ou todo apunta que vai ser a morte do comercio local en moitísimo concellos, falamos de Proxecto de "Recare" de un investimento de máis de 45 millóns de euros e 1700 plazas de aparcadoiros e sotos, con negocio de alimentación, electrónica, bricolaxe, negocios de todo tipo, falamos de "Porto Cabral", do Centro comercial "Vialia" situado na estación de tren de Urzaiz, falamos dunha zona comercial como vai ser a área deportiva do Celta, que vai sometido as instalacións deportivas a un ámbito comercial que incluírá 329.000m² de zonas verdes e 255.700m² adicados ao ocio, son datos que a verdade, asustan falamos de moitos grandes proxectos polo número de poboación e na situación na que estamos vai mermar o comercio local e algo que como concelleira de comercio me preocupa e como goberno tamén nos preocupa.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): ¿Ten a moción aquí presentada polos comerciantes? Esta é unha iniciativa presentada polos comerciantes, é certo que fai uns días un membro desa asociación me comentou que ían presentar esta iniciativa ao Pleno, quedou de trasladárnola, non tiven máis novidades ao respecto ata hoxe a tarde que recibín un whastapp onde se nos di que se vai tratar no Pleno esta moción. Polo tanto, comprenderán que estamos nun Pleno que deu inicio as oito da tarde.

Nos sei se está transcrita literalmente, estou vendo que se presentou hoxe as 08:22horas da maña por rexistro, e vostede nolo notifica hoxe as 18:30horas. Non digo que as 08:22horas tivera constancia da mesma pero si as 9-10 horas da maña, polo tanto non se deu traslado aos grupos políticos. Se tiñan a intención de traelo a este Pleno sería ideal que nolo trasladaran para ter unhas horas de marxe.

Dito isto, para pornos en antecedentes, logo de escoitala a vostede, poderíamos entrar en moitas cuestións como o éxito de gobernos, como o éxito do goberno neste caso en apoio e incentivo as propias compras do comercio local de Salceda. De cara a galería queda ben o apoio ao comercio local, pero as veces parece que ninguén dos que está presente nesta sala non vai a un centro comercial destes e non compra, digo porque escoitando a súa intervención parece que vostede non é asidua a esas áreas e creo que é culpa de todos. A realidade é a que

é, é imparabile dadas as circunstancias actuais. O éxito do comercio local e mercar nel, si os que estamos aquí, imos o 100% a mercar nestas áreas, por moitos eslogans, palabras que digamos, se non mercamos no comercio de Salceda de nada vale, se o goberno non apoia ao comercio local con iniciativas, propostas e incluso con poñer música en Nadal, algo que non está a suceder estes días, poderíamos estar aquí falando ao respecto do que é axudar ou incentivar as compras no comercio local.

Vostede puxo varios exemplos de futuras áreas comerciais, pero segundo sei, o Alcalde estivo presente na presentación da futura área do Celta, claro poñerlle cancelas ao campo é complicado. É máis se se cumpre coa lei.

Nós nos imos a ceñir ao fin do esencial que trae a proposta no seu escrito orixinal, na defensa do comercio local é máis, non sabemos de onde vai sair tanta xente para manter abertas tantas áreas.

Nos estamos a favor de que se frene, eu penso que Porto Cabral se vai frenar xa que se anunciou o de "Recare" e o do Celta que é viable e vai para diante, ao mellor estou equivocado. Aparte, van estar os tres nun triángulo de poucos metros de diferenza. Fago un chamamento a todos, menos eslógan e máis realismo co comercio local.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Eu quería saber os puntos, porque a Asociación de comerciantes se puxo en contacto con nós para dicir que hoxe ía presentar este escrito e os puntos non eran estes, segundo eles nos trasladaron, por iso me gustaría saber esta modificación, a diferenza que hai entre o que eles solicitaban e o que se pon na moción e tamén me gustaría saber se non se invitou a esta asociación a estar neste Pleno para darlle voz, creo que é importante, isto non implica que non esteamos de acordo, coincido co compañeiro do PP, o comercio local se apoia día a día, e verdade e que todos imos a áreas grandes pero creo que a dinamización do comercio local é moi importante pero ahí poderíamos entrar en debate se hai iniciativas por parte do concello.

Por nós pouco máis, simplemente que se me contesten a estas dúas preguntas que fixen.

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): Primeiro puntualizarlle ao PP que puxo palabras na miña boca que non dixen, non estou en contra destas áreas comerciais senón da problemática que ocasionarían e como ben ti dixeches non sei de onde sacarán tanta xente. O que se pretendía con esta moción e buscar unha regularización, sería pedirlle a Xunta unha moratoria e que regularizara.

En canto o que Verónica plantexaba, sobre o escrito, o que nos pide ACISA e que nos pronunciáramos en contra da realización dese centro comercial. Nós o que creemos é que ten que haber un plan regulador, con criterios estables con centros comerciais respecto do seu número de habitantes e que afecta a Área Metropolitana, por iso o noso acordo insta a Xunta a desenrolar ese plan.

Me consta que ambos portavoces erades coñecedores desta iniciativa, tivestes tempo a facer a vosa moción, estudala a facer como fixemos nós, en todo caso o que se busca neste Pleno é

estar de acordo co apoio ao comercio local e ser coherentes e se desenrole unha normativa para que o impacto sexa mínimo ao noso comercio.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Non mal interpretemos, nos tiñamos constancia que se ía meter por rexistro unha iniciativa en contra de Porto Cabral, perfecto, de aí a que nos tivésemos un documento coma este, nada. Nos tiñamos coñecemento de que se ía presentar pero non tal e como se trae a Pleno que é unha moción transcrita dun escrito dunha asociación. Se nos este escrito o tiveramos a semana pasada poderíamos ter presentado unha moción ou falar entre os grupos políticos, que é a labor.

Vostede quere levarse os méritos, xa lle estamos vendo a intención, en ningún momento o escrito de ACISA fala da Xunta, pero vostedes meten esa coletilla para ver se o PP se desmarca a anunciálo nos medios dicindo que non apoiamos aos comerciantes de Salceda. É máis, lle reprocho a vostede e ao Alcalde que se realmente tiveran vontade de consenso co comercio local, como lle dixen anteriormente, o que tiñan que ter feito é comunicálo aos grupos e levalo en conxunto pero non, mandamos o whatsapp as seis da tarde, traémolo ao Pleno e ahí que se posicionen. Esa é a realidade, estou vendo agora que lin todos os puntos que presenta ACISA, despois da miña intervención, e a finalidade é a mesma pero vostedes danlle outro punto de vista. Sexamos un pouco serios, e se queremos defender o comercio local sexamos honestos, e se vostede que é a responsable de área, tome a iniciativa que aquí non vai en contra de ninguén, vai en favor de todos. Que por certo, non vexo a ninguén da asociación aquí, así que un pequeno tirón de orellas, porque unha iniciativa que a corporación teña que defendelo e non estean presentes, hai que dicilo, a sabendas de que entendo que algún estea traballando. Dito isto, por favor sexamos serios, defendamos o comercio local, pero non sexamos vantaxistas que vostede ten acceso inmediato a documentación. Que hoxe meu compañeiro Joaquín, viu a ver as 9 da mañá e marchou as 11 e non había esta iniciativa. Nos imos a votar a favor en contra do proxecto de Porto Cabral.

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): Só unha cousa, se de verdade tivera tempo a min me houbese gustado que esta moción fora de consenso e pretendo que así sexa, que a vin a última hora da mañá, que a preparei pola tarde por iso non a puiden meter por rexistro. Así o manifestei na miña primeira intervención.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Primeiro gustárame que o Pleno recollese o escrito presentado por ACISA tal e como o presentou, independentemente desta moción; gustárame saber se foron convidados os membros de ACISA, si se lle dixo que viñeran ao Pleno para que foran eles os que leran as demandas e se os puntos establecidos nesta moción se lle comunicaron a eles que se ían traer en nome de Movemento Salceda con eses puntos.

En canto ao consenso, si se quere podería entregarse cinco minutos antes do Pleno e dicir se a presentamos ao Pleno no nome dos tres grupos e non en nome de Movemento Salceda e nós nos sumamos, para min iso é querer protagonismo. As cousas non se fan así.

Non hai moito máis que dicir, por suposto o noso apoio, pero cando se leva unha iniciativa dunha asociación, a propia asociación debería saber que puntos se van a levar se non estamos a defender unha moción de Movemento Salceda que non é realmente o que estaba no escrito,

polo que eu non sei, o da moratoria de 10 anos da concesión de licenzas, ACISA non sei se estaba de acordo con iso.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Primeiro por conceptos, moción e o que se trae a Pleno que se pode sumar calquera grupo político, aparte tivestes información polo que comentades, pódese sumar, nós non estamos trasladando directamente o que presenta ACISA, estamos trasladando algo máis que iso.

Repito, moción é o que se presenta a Pleno, proposta é o que se presenta antes. Calquera pode vir, trasladando unha iniciativa, en todo caso a decisión Plenaria é consenso. Por outra parte presentou ACISA hoxe é o vindeiro Pleno ordinario é dentro de 2 meses, esa é a única cuestión.

Se imos votar os tres, non sei que problema hai, noutras ocasións é o grupo socialista ou popular o que traslada iniciativas doutras asociacións ou o que traslada cada organización política.

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): Eu creo que estamos a tempo de chegar a un consenso, non teño ningún afán de protagonismo, eu busco o consenso e estamos a tempo de establecelo.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Traslados os puntos que plantexa ACISA e ningún problema. O fin de ACISA non era ese. Non hai problema en que se aprobe hoxe pero poderíamos traballar máis no tema.

Tamén hai que dicir que aquela comunidade de montes aprobou maioritariamente o proxecto e é quen esta facendo a campaña, que aquí non se vai espoliar nada a nadie.

Centremos o debate, ¿estamos de acordo en recoller o escrito? Perfecto, déixanse os puntos que viñan na moción e engádense os da solicitude de ACISA.

Polo sr. Alcalde sométese a votación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aprobaa por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes a sesión, adoptando os seguintes acordos:

- Posicionarnos en contra do proxecto de construción da área comercial e lecer denominada PORTO CABRAL.
- Instar á Xunta de Galicia a aprobar unha moratoria de dez anos na concesión de licenzas para grandes áreas comerciais.
- Instar á Xunta de Galicia a desenrolar un Plan Sectorial de Equipamentos Comerciais en Galiza, a xeito de ordenar a oferta comercial e a defensa do comercio de proximidade.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS) ¿Algunha moción máis? Pois pasamos ao seguinte punto entón.

E) Rogos e preguntas

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS) En canto aos rogos ao longo desta semana se foron incorporando por parte dos grupos, neste caso do PP e o PSOE.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Seguindo a liña dos últimos meses e anos, imos incorporando rogos que nos trasladan os veciños ou nos mesmos.

1º Rogo: 21 de novembro de 2017 RE. 6823:

“ASFALTADO DO CAMIÑO QUE VAI DENDE A VOLTA DA MINA (EP 2503) ATA AS PRIMEIRAS CASAS (STO. ESTEVO DE BUDIÑO)

EXPÓN:

O Camiño que vai dende a Volta da Mina -Estrada provincial EP 2503- ata as primeiras casas atópase na actualidade nun estado de total abandono por parte do Goberno Municipal: o asfaltado do mesmo, leva sen repoñerse máis de 11 anos. Tendo en conta que os veciños e as veciñas da zona solicitaron en reiteradas ocasións a mellora ó Alcalde, e que o mesmo se comprometeu con eles, solicitamos proceda a asfaltar o camiño que dará servizo ás casas.

Por todo o exposto anteriormente, **ROGO:**

ASFALTADO DO CAMIÑO QUE VAI DENDE A VOLTA DA MINA (EP 2503) ATA AS PRIMEIRAS CASAS (STO. ESTEVO DE BUDIÑO)”

2º Rogo: 21 de novembro de 2017 RE. 6824

“EXPÓN:

A carencia de iluminación e o lamentable estado do asfaltado no Camiño do Lago (Agros, Parderrubias) que vai dende a PO411 ata Estrada Municipal (Igrexa-transformador) é unha realidade, xa que hai máis de oito anos que non se procede á reposición do alumeado e o mantemento e desastroso.

Por todo o exposto anteriormente, **ROGO:**

MELLORA DO ASFALTADO, LIMPEZA E ALUMEADO PÚBLICO NO CAMIÑO QUE VAI DENDE O "ALTO" DE ALLERES O LUGAR DE LAGO (AGROS, PARDERRUBIAS)”

3º Rogo: 21 de novembro de 2017 RE. 6825

“SOLUCIÓN Ó PROBLEMA DO SANEAMENTO NO BARRIO DE CASÁS (SAN XURXO)

EXPÓN:

Por problemas de bloqueo nun camiño de servizo, aínda que o ramal leva feito máis de 6 anos, os veciños e as veciñas do barrio de Casás, na Parroquia de San Xurxo, todavía non puideron conectarse ó mesmo. Hai que ter en conta que moitos dos veciños pagaron a cuota de enganxe e, a día de hoxe, continúan sen servizo. Así pois, solicitamos ó Goberno Municipal proceda á solución do problema dunha vez por todas.

Por todo o exposto anteriormente, **ROGO:**

SOLUCIÓN Ó PROBLEMA DO SANEAMENTO NO BARRIO DE CASÁS (SAN XURXO)”

4º Rogo: 21 de novembro de 2017 RE. 6826

“OBRAS DE SANEAMENTO NO BARRIO DE O PAZO, PICOÑA

EXPÓN:

Son moitos os barrios das diferentes parroquias de Salceda os que se atopan sen saneamento a día de hoxe. Independentemente de que o Consorcio do Louro sexa o competente en materia de saneamento, os Concellos poden invertir na construción de saneamento con fondos doutras Administracións (coma por exemplo, o Plan Gonce/los da Deputación), ou con fondos propios. Polo que, ben sexa mediante a primeira ou a segunda opción, solicitamos as obras de saneamento no lugar de O Pazo.

Por todo o exposto anteriormente, **ROGO:**

OBRAS DE SANEAMENTO NO BARRIO DE O PAZO, PICOÑA”

5º Rogo: 13 de decembro de 2017 RE. 7402

“MELLORA DO ALUMEADO PÚBLICO EN RÚAS ZUNZUNEGUI E ROLLO

EXPÓN:

A carencia de iluminación entre a Escala de Música (Rúa Zunzunegui) ata o cruce ca Rúa Rollo, incluída esta mesma na súa totalidade, é máis que evidente. Por isto, solicitamos ó Goberno Municipal a mellora do alumeado público na zona, xa que é única e exclusivamente unha competencia Municipal.

Por todo o exposto anteriormente, **ROGO:**

MELLORA DO ALUMEADO PÚBLICO EN RÚAS ZUNZUNEGUI E ROLLO”

6º Rogo: 13 de decembro de 2017 RE. 7398

“SOLUCIÓN Ó TERRAPLÉN EXISTENTE ENTRE O LUGAR SETE CAMIÑOS E A IGREXA (SOUTELO)

EXPÓN:

Instamos ó Goberno Municipal a buscar unha solución, xunto cos propietarios dos montes, ó perigo de derrubamento existente entre o Lugar de Sete Camiños e a Igrexa (Soutelo) na súa marxe dereita.

Por todo o exposto anteriormente, **ROGO:**

SOLUCIÓN Ó TERRAPLÉN EXISTENTE ENTRE O LUGAR SETE CAMIÑOS E A IGREXA (SOUTELO) “

7º Rogo: 13 de decembro de 2017 RE. 7399

“SOLUCIÓN Ó PERIGO DE DERRUBAMENTO DUNHA CASA NA VENDANOVA

EXPÓN:

Damos conta ó Goberno Municipal do evidente perigo de derrubamento que supón a casa que se amasa na imaxe, situada na antiga P0407 ó seu paso pola Vendanova e instámolo a que tome as medidas precisas para solucionar a situación.

Por todo o exposto anteriormente,ROGO:

SOLUCIÓN Ó PERIGO DE DERRUBAMENTO DUNHA CASA NA VENDANOVA”

8º Rogo: 13 de decembro de 2017 RE. 7400

“ARRANXO DE DESPERFECTOS NO ASFALTADO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO

EXPÓN:

Dando voz ás peticións dos/as veciños/as, trasladamos ó Goberno Municipal a necesidade de proceder ó arranxo/acondicionamento do asfaltado na Rúa Rosalía de Castro, dende a rotonda de Altamira ata o entronque ca Rúa Coruña, que tal e como se amasa nas imaxes atópase deteriorado.

Por todo o exposto anteriormente,

ROGO:

ARRANXO DE DESPERFECTOS NO ASFALTADO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO”

9º Rogo: 22 de decembro de 2017 RE.RPLN 1

“SOLUCIÓN Ó PROBLEMA DOS CABLES DESCUBERTOS NA FONTE DAS CARBALLAS

EXPÓN:

O cableado das luces do paseo da Fonte das Carballas atópase ó descuberto dende hai máis dun mes. Dado que por parte do Goberno Municipal non se puxo solución á situación e, dado o perigo que supón que os cables non teñan ningún tipo de protección, rogamos se proceda a solventar o perigo existente ca maior celeridade posible.

Por todo o exposto anteriormente,

ROGO: SOLUCIÓN Ó PROBLEMA DOS CABLES DESCUBERTOS NA FONTE DAS CARBALLAS”

10º Rogo: 22 de decembro de 2017 RE. RPLN 2

“REPOSICIÓN DA TAPA DA ARQUETA SITUADA NO ALIVIADEIRO (SENDA RÍO CASELAS)

EXPÓN:

Trasladamos ó Goberno Municipal a necesidade de trasladar o Consorcio do Louro, a reposición da tapa da arqueta existente na zona exterior do aliviadeiro (ó lado do Palomar de Antero, Senda do Río Caselas) xa que hai un desnivel considerable, o que supón un gran perigo para calquera persoa que pase pola zona.

Por todo o exposto anteriormente,

ROGO: REPOSICIÓN DA TAPA DA ARQUETA SITUADA NO ALIVIADEIRO (SENDA RÍO CASELAS)”

11º Rogo: 13 de decembro de 2017 RE.RPLN 3

“REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA SENDA DO RÍO CASELAS

EXPÓN:

Preto de dúas semanas despois da chegada da cicloxénese, o aspecto da Senda do Río Caselas é, como se pode observar nas imaxes, desolador. Dado que non temos noticias ó respecto do acontecido por parte do Goberno Municipal, rogamos, se proceda á reparación e acondicionamento da mesma ca maior celeridade posible.

Por todo o exposto anteriormente

ROGO: REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA SENDA DO RÍO CASELAS”

12º Rogo: 13 de decembro de 2017 RE. 7397

“CAMBIO DE UBICACIÓN DO 2º PASO PEONIL NA FRONTE DO CEP ALTAMIRA

EXPÓN:

Este Grupo Municipal presentou propostas para humanizar a rúa Rosalía de Castro, dándolle prioridade ós accesos ó CRA e ó CEP Altamira, así como ordenar o tráfico, especialmente a parada dos autobuses e o fluxo de peóns, moi numeroso nas horas punta de entrada e saída ós colexios. En consecuencia, como non tiveron en conta este proxecto, presentamos unha solicitude de mellara que entendemos é importante que valoren e executen.

A disposición actual dos dous pasos peonís existentes no fronte do CEIP Altamira é:

1º.- Fronte a entrada do pavillón Municipal

2º.- A 46 metros da entrada do pavillón Municipal e a 20 metros do vial de entrada para o CRA Raíña Aragonta.

Tendo en consideración os fluxos de persoas que se producen no horario de entrada e saída dos colexios, pódese comprobar como moitos nenos e pais, na saída do vial de acceso o CRA, optan por cruzar a rúa sen desplazarse 20 metros, porque resúltalle máis cómodo, polos seguintes motivos:

— Aceden o Parque Raiña Aragonta directamente. Se teñen o vehículo aparcado no outro lado da rúa, A beirarrúa, do lado do Colexio, satúrase en dirección do entronque coa rúa Rafael Tilve, polo que resulta máis doado ir pola outra, xa que vai menos ategada.

Valorando os motivos expostos propónse neste ROGO desprazar o 2º paso peonil na rúa Resalía de Castro ata a entrada do vial de acceso o CRA.

Tamén con esta proposta obteríanse as seguintes vantaxes:

Evitaríanse que os nenos e maiores atravesen a rúa de forma perigosa.

Sería máis eficiente para o tráfico, e incluso para a dirección do mesmo pola Policía Local, o non estar tan perto dun paso peonil do outro.

Considerando que hai que adaptar neste caso as sinalizacións na búsqueda da eficiencia e comodidade no desprazamentos dos peóns, máis cando afectan a nenas e nenos de curta idade, e, por todo o exposto anteriormente.

ROGO:

CAMBIO DE UBICACIÓN DO 2º PASO PEONIL NO FRENTE DO CEP ALTAMIRA

— **GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP):** Tendo a consideración do fluxo de persoas que existe, optan por cruzar directamente, xa que resulta incómodo desprazarse o de arriba. A beirarrúa satúrase.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Tomamos nota, aquí moitas cousas das que se plantexan están valoradas, feito o proxecto, outras moitas tomamos nota a través do concelleiro de área, basicamente case todo é competencia de vías e obras, algúns son de execución inmediata outros non tanto, outros xa están tramitados cos propietarios que correspondan, o tema das Carballas de cando en vez destrozan o que colocan, no tema do Consorcio, trasladamos, o tema do río Caselas estamos nel dentro das nosas posibilidades e competencias e en canto a este último tema xa se falou, ao mellor o que plantexas ten a súa razón de ser, con matiz, a xente que cruza atravesando unha propiedade privada, pero non é incompatible co que ti dis, non eliminaríamos o existente paso peonil e si crearíamos outro máis. Haberá que analízalo e será trasladado a Policía Local. Eu apostaría máis por un novo que por substituír un por outro.

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP): Creo que non é a mellor opción, cun terceiro paso peonil fas un embotellamento.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Si, pode ser. Falaremos coa Policía Local, hai que facer unha análise en profundidade.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): A raíz do que estamos preguntando no último Pleno, O concelleiro de obras di que axiña, pero xa fai un mes que se presentou escrito por rexistro pedindo que se faga. Aproveitando vacacións de nadal é bo momento. Hai un escrito de marzo de 2016 duns baches e siguen os mesmos.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS) Ben hoxe xa foi pola tarde para rematar o espazo do CRA da nova fonte do Fias das Lamas, a pretensión e rematar ese espazo polo menos na parte primeira, xa que non procedía meter maquinaria tendo os nenos alí.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Hai que ter en conta, ese camiño é privado, non está inventariado, polo tanto estanse facendo melloras en propiedades privadas con maquinaria do concello. Por iso nos plantexamos a ordenación do medio, a través da modificación do Plan Xeral. Iso é o que hai que facer para abrir esa zona.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Todas as obras que se están facendo son con cesións, o inventario non da carácter público ou privado. Todas as obras que estamos a facer existe un documento de cesión. En canto a parcela colindante é propiedade municipal.

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): Un apuntamento nun rogo que me competía a min, ó problema dos cables descubertos na Fonte das Carballas, me preocupa ver os cables así, decirvos que non teñen electricidade.

PREGUNTAS:

1º pregunta: RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Queríamos saber as discrepancias de opinión e puntos de vista, quería saber por parte do Alcalde, xa que o Concelleiro de Vías e Obras non está, que medios estiveron operativos na tarde-noite do día 10 cando chegou a cicloxenese “Ana” na Comunidade e no Concello, cantos membros estaban traballando ese día.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Había unha previsión coordinada coa Policía Local, coa Garda Civil e coa unidade de vías e obras, dentro das nosas posibilidades, e empresas privadas que estiveron actuando toda a noite, estiveron traballando ao día seguinte do paso da cicloxenese. Si había unha previsión e se falou con empregados municipais dunha dispoñibilidade para actuar.

O día anterior foi de previr con empresas provedoras, posteriormente, ao día seguinte unha vez que se analizaron os espazos se traballou sobre o terreo. A maioría dos concelleiros estivemos aquí planificando, coordinando e ao día seguinte avaliando os danos.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Non estivo traballando ningún, entendo.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Reitéroche, o sábado pola maña estivo un provedor do concello, estivo no Cerquido, se falou co xerente da empresa o día anterior. Ao día seguinte, tamén estivo a maquinaria de empresas provedoras e repito, estaban en preaviso os empregados municipais.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): ¿Non houbo ningún empregado do concello traballando?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Reiteroche, se previu con empresas proveedoras, estaban en preaviso os traballadores municipais, ¿o domingo pola tarde estaba algún traballador municipal? Non.

Estaba previsto a participación de empregados municipais se fora preciso. O resto é un invento teu. Fíxose unha previsión cunha empresa do Cerquido, o día seguinte o luns, estivo traballando na Regueira, máis traballos anteriores de vías e obras.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): A súa planificación é anunciar o que logo non existiu e a súa planificación e vía whatsapp unhas horas antes da chegada da cicloxénese.

Non había Policía Local traballando, non había persoal de vías e obras traballando, se anuncia a bombo e platillo non sei cantas medidas e iniciativas, a realidade e que vostede enganou e mentiu.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): O que minte é vostede.

2º pregunta: RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Ten pensado vostede omitir o escrito que eu asinei o día 19 solicitándolle eu mesmo que, xa que vostede alardea da transparencia, de convocar e trasladar aos colectivos respecto esa comisión respecto da seguridade do pobo xa que vostede asinou unha notificación o día 7, o 8 foi festivo, o 9 foi sábado, o 10 domingo, o 11 o encargado non traballou, e os días 12 13 e 14 se comezou a notificar a diferentes colectivos e polo tanto dando un marxe de 2-3 días. En xeral queremos que os colectivos teñan participación e a cidadanía, haberá que darlle oportunidades e marxe de tempo e explicarlles claramente o que significa ese acordo unánime. ¿Vai vostede a convocar?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Vaise convocar a Comisión que se creou en Pleno en breve. É máis, hai unha incongruencia, queixase da falta de información e vostedes non designaron os membros e xa hai colectivos que dixeron que queren estar. ¿Cal é a parte que non se informou? Houbo colectivos que sí se presentaron polo tanto, todos tiveron oportunidade de presentarse.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Vostede non deu o prazo suficiente. Imos ver que colectivos se presentaron. O escrito que trasladou non se explica ben.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): A Comisión será en breve. É curioso que vostede sexa un dos que propoñen a comisión e non designaran representante.

3º pregunta RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Queríamos saber como se fixo o acordo cos propietarios, cando se abriu o camiño do Souto detrás da praza de abastos, hai un ensanche desa pista, que era unha proposta nosa e xa o fixemos no ano 2008- 2009 cando se humanizou a rúa Zunzunegui, ¿o acordo foi verbal, escrito, houbo convenio?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Foi verbal, no caso do aparcamento houbo cesión, nese caso houbo que delimitar, por desgraza non sabíamos que cando se construiu a praza de abastos non estaba en regra coas normas subsidiarias, houbo que chegar a acordos tanto na cesión.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): ¿Entendemos que todos os veciños estaban de acordo?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): No momento que se executou si.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): ¿Verbal? O concello depende en que casos o verbal lle vale e noutros hai que facer unha cesión en documento.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Eu sempre ofrezco a cesión escrita, afortunadamente porque confían en nós, unha elevada cantidade 1.430 parcelas para executar todas as obras son verbais pero a miña oferta é sempre facer un documento.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Escoitado esto, en fin, a realidade é que vostede sabe que non estaba de acordo.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Non, houbo unha persoa coa que chegamos un acordo, a posteriori toma outra decisión, entón nós non podemos invadir unha propiedade privada. Ela defende o seu, como calquera veciño.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Eu sei o que di a veciña, sei o que di a sentencia contundente.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Supoño que saberás que está recorrida no Tribunal Supremo. Hai un erro xudicial manifesto.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Pediremos o Rexistro de Saída de ese recurso.

4º pregunta. Pregunta ao respecto do alumeado navideño, sabemos que falta a música ambiente, ¿asumiu o concello o 100% do custe ou parte asumen os comerciantes?

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS): Como todos os anos, fachadas e rotondas, parques e entradas o concello e as rúas os comerciantes, as humanizadas tamén as asume o concello.

5º pregunta. LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE): Non esta Miguel de Vías e Obras, imaxínome que podedes contestar igual, fíxose unha rampla de acceso a primeira planta do centro de saúde, ¿con que fondos se fixo? ¿Vai quedar como está ou está rematada?

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): Está sen rematar, o que se fixo foi mellorar a existente. Nos vindeiros días instalárase un pasamans de metal pero estabamos a facer unha proba porque por alí entra a ambulancia e abre as portas e por se tiña algunha dificultade.

6º pregunta TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Meteuse pola nosa parte e pola dos veciños, un escrito para ver se se podía arranxar o camiño que vai de Pegullal ata Altamira, xa que cada vez que chove ou hai tormenta arrastra terra para unhas casas que están abaixo, queríamos saber si se vai atender a esa petición e de ser o caso, ¿cando?

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Esta valorado a pretensión é facelo canto antes. Esta previsto dende cando se cometeron os servizos que se fixeron nese camiño.

7º pregunta. TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Levamos varias veces, dende marzo de 2016 presentando sobre o camiño de Maceiras, que o Concelleiro de Vías e Obras leva un ano contestando que xa se ía facer, a petición é de marzo de 2016, estamos a decembro de 2017, queremos saber se se vai atender.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Esta tamén valorado, as obras vanse facer, estamos para encaixalas nas obras das distintas posibilidades que hai.

8º pregunta. TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): No Pleno anterior o PP preguntou sobre a praza de policía local, naquel momento se dixo que estaba pendente de informe de secretaria. ¿Segue igual?

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Si, está pendente de informe.

9º pregunta. TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Para a Concelleira de emprego, quería saber dos AFDS.

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): Hai un informe do técnico municipal lécho, non sei se tes constancia del.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Non teño porque o señor Alcalde no anterior Pleno me dixo que como tiñamos dous Concelleiros non tiñamos dereito a pedir informes.

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): ¿Queres que cho lea? En todo caso solo mo tiñas que preguntar.

Neste informe de imposibilidade de iniciar os cursos AFD 2017/2018 Claudio González Vaqueiro Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Salceda de Caselas, di, (voume saltar os dous primeiros parágrafos), solicita unha prórroga do inicio dos cursos, esta responde o 10/10/2017 indicando como novas datas de inicio o 2/11/2017 para o de Actividades administrativas na relación co cliente e para o 13/11/2017 para o curso de bar e cafetería tal e como se solicitaran.

Varios son os problemas de xestión a través da plataforma SIFO que fai pouco operativo a xestión dos cursos e que a ralentiza e impide determinados días as xestións que a Consellería obriga a facer a través deste sistema.

O curso de Bar e Cafetería non ten os alumnos suficientes para comezar xa que despois de solicitar os mesmos a Oficina de Emprego de O Porriño so se presentan 8 persoas, e fan falta un mínimo de 10 alumnos.

No curso Actividades administrativas na relación co cliente non se conseguiron a data 31/10/2017 os docentes necesario para impartir o curso. O Concello realizou oferta pública de emprego e ante a falta de candidatos intentou ademais a contratación de docentes autónomos, pero non foi posible atopar docentes para os distintos módulos dispoñibles para as datas programadas.

Vistos os puntos anteriores non é posible iniciar os cursos concedidos pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao Concello de Salceda de Caselas cumprindo cos prazos establecidos, e en consecuencia faise necesario renunciar aos mesmo, xa que un dos cursos non ten alumnos interesados suficientes e o outro curso non ten docentes que cumpran co perfil requirido.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): En canto o que non ten alumnos, entendo, o que non ten Docentes ¿fixéronse os trámites en prazo ou a Xunta puxo un prazo tan limitado para non poder facer a selección en tempo e forma?

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): Fixéronse, pero os candidatos presentados non cumprían os requisitos e os que si os cumprían non chegaron coa documentación a tempo.

10º pregunta. TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Quería saber, acábase de anunciar o Plan de formación para o primeiro semestre, miramos que hai cursos de operarios en liña de produción en automoción, inxección de plásticos en automoción, revisión e control de calidade. ¿Eses cursos vanse realizar nas instalacións do Torrón integramente?

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): Eses cursos nacen a raíz da demanda que temos dos polígonos que nos rodean, é un plan elaborado a carta establecendo as necesidades de empregabilidade das empresas coas que nos relacionamos e si, o curso no primeiro semestre dirixidos case todos ao sector da automoción, porque prevemos unha alta empregabilidade nos vindeiro semestre de 2018 vanse realizar no CDL do Torrón.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Estamos de acordo que son empregos que demandan os polígonos que nos rodean, pero no que non estou de acordo é en que, o sei por coñecemento, que nin as horas nin as instalacións cumpren co que demandan as empresas para a empregabilidade e creo que é crear falsas expectativas para os alumnos que asistan. É a miña opinión polo coñecemento de como funcionan eses cursos, e a cantidade de horas e instalacións precisas para levalos a cabo.

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS): En todo caso é a túa opinión, que discrepa da opinión do Técnico Local de Emprego e da miña, como responsable da área.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Boas festas e entrada de ano a todos.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Quero desexar, no nome deste grupo, boas festas aos presentes, aos membros da corporación e que o ano novo sexa mellor en todos os aspectos, no persoal e no político.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Súmome como grupo municipal socialista, e desexo boas festas aos membros da corporación e veciños e que o ano próximo sexa bo para Salceda.

Non habendo máis temas que tratar, ás 22:43 horas, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta, que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretaria do Concello, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

